



XXVI TORNEO DO NADAL PREBENXAMÍN FÚTBOL 8 “ACEITES ABRIL” 4 de XANEIRO de 2019

ORGANIZA: Pabellón Ourense Club de Fútbol.

PATROCINA: Aceites Abril.

DATA: 4 de Xaneiro de 2019.

LUGAR: Campo Miguel Ángel González - Os Remedios (dous campos de herba sintética).

BASES E NORMAS

1.- O torneo conta coa participación dos seguintes equipos: **C.P. Calasancio, E.D. Ourense, EDC Xinzo; CD Santa Teresita, CD Arenteiro, AD Bosco, EDC Barbadás, CD Velle, EDC Verín, Ourense CF, Pabellón Ourense C.F. e Pabellón Promesas.** Os partidos de todo este torneo están programados no Campo Miguel Ángel González - Os Remedios (herba artificial).

2.- Como en edicións anteriores a Organización sumouse á Operación Quilo da Asociación Amencer, e polo tanto solicitamos a colaboración dos xogadores dos equipos participantes, coa aportación de cada un deles de 1 Quilo de alimentos non perecedeiros que poden entregar antes da disputa do seu primeiro partido.

3.- Poderán participar nel aqueles xogadores nados nos anos naturais de 2011 e 2012, é dicir, deportistas con licenza federativa PREBENXAMÍN tramitada pola Real Federación Galega de Fútbol. Cada equipo contará cun máximo de 16 xogadores e soamente 14 poderán participar en cada partido e levarán o mesmo dorsal en todo o torneo.

4.- A competición desenvolverase dacordo ao calendario de competición que se anexa a estas bases e normas.

5.- A duración dos partidos será de VINTE MINUTOS sen descanso. Soamente os partidos das **semifinais e final**, terán unha duración de TRINTA MINUTOS en dous tempos de QUINCE MINUTOS e un descanso de TRES MINUTOS sen que os equipos cheguen a abandonar o terreo de xogo situándose na zona dos banquiños. Os equipos non poderán acceder ao terreo de xogo ata o remate do partido anterior.

6.- No caso de que ao cabo da primeira fase se rexistrase empate en calquera dos grupos entre dous ou tres equipos na suma de puntos (3 por partido gañado e 1 por empate), resultará vencedor aquel conxunto que obteña maior diferenza de goles entre os anotados e os encaixados. No caso de persistir a igualdade, gañará aquel que máis tantos marque e se segue o empate, proclamarase vencedor aquel que encaixe menos goles.

Se despois de todas estas circunstancias non se resolvese a situación, resultará vencedor o equipo que gañase o partido directo, no caso de ser dous afectados. E no suposto de que o partido directo fose de empate, resultará vencedor o que marcase o primeiro gol nese enfrontamento. A organización pode ordear o lanzamento dunha tanda dun penalti nos partidos da primeira fase que designen.



Concello de
OURENSE
Deportes



DEPORTE
GALEGO



DEPUTACIÓN
OURENSE



HOSPITAL
CO.SA.GA.
"Medicina en Equipo"



La Región





7.- Na fase de eliminatorias os empates resolveráanse co lanzamento dunha tanda de 3 penaltis por equipo. De persistir a igualada seguirase a rolda ao fallo.

8.- Os equipos deberán entregar á Organización CORENTA E CINCO minutos antes do primeiro partido as licencias federativas dos xogadores que van a disputar o torneo, as cales quedarán baixo custodia ata que o equipo finalice a súa participación.

9.- A organización establece trofeos para todos os equipos, un premio ao club máis deportivo e ao mellor xogador do campionato.

10.- Os xogadores que resulten expulsados con cartón VERMELLO DIRECTO poderán participar no seguinte partido salvo que o Comité de Competición estime que a sanción sexa maior según a gravidade do acto.

11.- Co fin de solventar as posibles coincidencias nos cores das camisetas entre dous equipos, é imprescindible que cada club veña provisto de equipaxes de diferentes cores.

12.- Os clubs participantes **deberán estar inexcusablemente presentes na entrega de trofeos** que se efectuará unha vez rematadas as finais das dúas categorías. Os equipos que queden eliminados na primeira fase do torneo, que serán os que ocupen a 5ª praza no seu grupo, recibirán un detalle pola súa participación no mesmo día que queden fóra do evento.

13.- Para todo o non disposto nestas normas recurrirase sempre á organización e a participación dos clubs no torneo supón a ACEPTACIÓN de todas estas normas.

A Organización





GRUPOS E CALENDARIO DE BENXAMÍN

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
PABELLÓN CF	OURENSE CF	ED OURENSE	AD BOSCO
CD VELLE	EDC XINZO	CP CALASANCIO	CD SANTA TERESITA
EDC BARBADÁS	CD ARENTEIRO	EDC VERÍN	PABELLÓN PROMESAS

PRIMEIRA FASE

HORA	Grupo	PARTIDO		CAMPO	RESULT.
10,30	A	PABELLÓN CF	CD VELLE	1	
10,30	C	ED OURENSE	CP CALASANCIO	2	
10,55	B	OURENSE CF	CD ARENTEIRO	1	
10,55	D	AD BOSCO	PABELLÓN PROMESAS	2	
11,20	A	CD VELLE	EDC BARBADÁS	1	
11,20	C	CP CALASANCIO	EDC VERÍN	2	
11,45	B	CD ARENTEIRO	EDC XINZO	1	
11,45	D	PABELLÓN PROMESAS	CD SANTA TERESITA	2	
12,10	A	EDC BARBADÁS	PABELLÓN CF	1	
12,10	C	EDC VERÍN	ED OURENSE	2	
12,35	B	EDC XINZO	OURENSE CF	1	
12,35	D	CD SANTA TERESITA	AD BOSCO	2	

SEGUNDA FASE

HORA	RF ^a	PARTIDO		CAMPO	RESULT.
13,00	5	3º GA-	3º GC-	1	
13,00	6	3º GB-	3º GD-	2	
16,15	1 (1/4)	1º GA-	2º GC-	1	
16,15	2 (1/4)	1º GB-	2º GD-	2	
16,40	3 (1/4)	1º GC-	2º GA-	1	
16,40	4 (1/4)	1º GD-	2º GB-	2	
17,05	11º - 12º	PERD. 5-	PERD 6-	1	
17,05	9º - 10º	GANA 5-	GANA 6-	2	
17,30	7 SEMIF.	GANA 1-	GANA 4-	1	
17,30	8 SEMIF.	GANA 2-	GANA 3-	2	
18,10	9	PERD 1-	PERD 4-	1	
18,10	10	PERD 2-	PERD 3-	2	
18,35	7º - 8º	PERD 9-	PERD 10-	1	
18,35	5º - 6º	GANA 9-	GAN 10-	2	
19,00	3º - 4º	PERD 7-	PERD 8-	2	
19,15	FINAL	GANA 7-	GANA 8-	1	

